



EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

Praza Galicia, 1

Teléfono: 981 77 00 11

Fax: 981 77 65 29

**BASES QUE REGULARAN A PROVISIÓN CON CARÁCTER DE INTERINIDADE
DUN TÉCNICO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.-**

PRIMEIRA.- OBXECTO.-

A presente convocatoria regula a provisión con carácter interino dunha praza de Técnico de Normalización Lingüística.-

SEGUNDA.- CONDICIÓN DOS ASPIRANTES.-

Para tomar parte na presente convocatoria, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un deles á data en que finalice a presentación de solicitudes.

- A) Ser español, ou nacional dun estado membro da Unión Europea.
- B) Ter cumpridos 18 anos de idade.
- C) Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións:

- Licenciado en Filoloxía Galega.
- Licenciado en Filoloxía Galego - Portuguesa.

D) Posuí-la capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza a que se aspira.

E) Declaración xurada de non ter causa de incompatibilidade para contratar coa administración pública.

TERCEIRA.- INSTANCIAS.

As instancias, segundo o modelo que se acompaña no anexo e solicitando tomar parte no proceso selectivo correspondente dirixíranse a Alcaldesa do Concello e presentáranse no registro xeral no seguinte prazo: Diez días naturais a partir da publicación no tablón de anuncios e un período local.

**EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS**

Praza Galicia, 1
Teléfono: 981 77 00 11
Fax: 981 77 65 29

A instancia acompañarase inexcusablemente:

- Fotocopia do D.N.I.
- Curriculum vitae.
- Documentación xustificativa dos méritos alegados para valoración do concurso.

CUARTA.- ADMISION DE ASPIRANTES.-

Rematado o prazo de presentación de solicitudes a Alcaldía - Presidencia declarará aprobada a lista de admitidos/excluídos, con indicación do prazo de subsanación que nos termos da Ley 30/92 se concede ós aspirantes excluídos.

QUINTA.- FORMA DE SELECCIÓN.-

A forma de selección será a de CONCURSO-OPOSICIÓN, no que se terán en conta as seguintes circunstancias:

FASE DE CONCURSO:

A/- EXPERIENCIA PROFESIONAL.- Máximo: 5 puntos:

- Por cada mes completo de experiencia laboral nun posto de traballo de semellante contido o do obxecto da convocatoria: 0,15 puntos.

B/- CONDICIONS SOCIAIS: Máximo: 4 puntos.-

- Antigüidade como demandante de emprego: 0,15 puntos por cada mes.
- Primeiro emprego: 2 puntos.
- Mayor de 45 anos: 1 punto.
- Non percepción de paro nin axuda familiar: 1 punto.
- Ingreso da muller ó mercado laboral ou parados de longa duración: 1 punto.
- Por minusvalía, compatible co posto de traballo: 1 punto.



EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

Praza Galicia, 1
Teléfono: 981 77 00 11
Fax: 981 77 65 29

C/- CARGAS FAMILIARES: Máximo 2 puntos.

- Por cada fillo dependente menor de 18 ano: 0,25 puntos.
- Por fillo dependente de 18 a 25 anos realizando estudos universitarios o equivalentes: 0,50 puntos.
- Por fillo minusválido: 0,50 puntos.
- Por cónyuge desempleado sin prestación: 1 punto.
- Por cónyuge desempleado con prestación: 0,50 puntos.
- Por viudedad: 0,50 puntos.

D/- CURSOS RELACIONADOS CO POSTO A CUBRIR: Máximo 6 puntos.-

- Por master oficial u homologado: 3 puntos.
- Por cada curso de 100 ou máis horas: 2 puntos.
- Por cada curso de 75 a 99 horas: 1,75 puntos.
- Por cada curso de 50 a 74 horas: 1,50 puntos.
- Por cada curso de 25 a 49 horas: 0,75 horas.
- Por cada curso de 15 a 24 horas: 0,25 horas.
- Por cada curso de 0 a 14 horas: 0,15 puntos.

F/- EMPADROAMENTO

Encontrase empadroado no Concello de Betanzos, cunha antigüidade mínima de dous anos: 2 puntos.

G/- TITULACION SUPERIOR

Para prazas do grupo D óu equivalente e superiores valorarase o ter titulación superior a mínima esixida, según o seguinte baremo:

- FP1, ESO ou equivalente: 0,25 puntos.
- FP2, Bachiller Superior ou equivalente: 0,50 puntos.
- Diplomatura ou Licenciatura: 1 punto

**EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS**

Prza Galicia, 1
Teléfono. 981 77 00 11
Fax: 981 77 65 29

FASE DE OPOSICIÓN:

Consistira na realización dunha proba:

A proba a de constar de 3 partes diferenciadas, puntuándose cada unha delas ata un máximo de 30 puntos e buscando a media aritmética das 3 cara á puntuación final.

1ª PARTE:

Tradución dun texto administrativo.-

2ª PARTE:

Realización dun Plan de Normalización lingüística para o Concello de Betanzos. Limite máximo de 10 folios. O Plan deberase presentar xunto coa solicitude.

3ª PARTE:

Realización dun test de 60 preguntas relacionadas coa lexislación lingüística.

- A) Cada unha das preguntas terá catro posibles respostas.
- B) Cada pregunta acertada ha sumar 0,5 puntos.
- C) Cada pregunta fallada ha restar 0,25 puntos.
- D) As preguntas en branco nin suman nin restan.

Dita proba será valorada cun máximo de : 30 puntos.

SEXTA: RETRIBUCIONS

Segundo dotación presupuestaria.

SETIMO: TRIBUNAL

A composición do tribunal será a seguinte:

- Pte.: Daniel Pereiro Cachaza.
- Suplente: Alfredo Erias Martínez.
- Vocales:
 - Representante Diputación.
 - Representante colegio Francisco Aguiar.
 - Normalizador Concellos limitrofes.
 - Propuesta de la Representación Sindical.

**EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS**

Praza Galicia, 1
Teléfono: 981 77 00 11
Fax: 981 77 65 29

OITAVA: RELACION DE APROBADOS.-

Finalizada a calificación dos aspirantes o Tribunal propondrá por orde de puntuación a relación de aprobados e elevará dita relación a Sra. Alcaldesa ós efectos do oportuno nomeamento.

NOVENA. PRESENTACION DE DOCUMENTOS.-

Os aspirantes propostos aportarán dentro do prazo de cinco días naturais, contados a partir da publicación da lista de aprobados a seguinte documentación:

- 1.- Fotocopia do documento nacional de identidade.
- 2.- Fotocopia da cartilla da seguridade social.
- 3.- Copia autenticada ou fotocopia compulsada do título requirido para a praza a que se optou.
- 4.- Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do estado, comunidades autónomas ou entidades locais, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.
- 5.- Declaración xurada de non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación vixente.

DECIMA. NOMEAMENTO:

Aportada a documentación anteriormente citada, pola Alcaldía- Presidencia efectuarase o nomeamento do candidato proposto, procedéndose á realización do correspondente contrato de traballo.

Betanzos, 6 de Novembro de 2007.-
A ALCALDESA

Asdo./ M^a Dolores Fernaldo Botana



EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

Praza Galicia, 1
Teléfono. 981 77 00 11
Fax: 981 77 65 29

SOLICITUDE CONVOCATORIA DE PRAZAS

DATOS DO/DA SOLICITANTE

Nome DNI, NIF ou pasaporte

Apeidos Teléfono

Enderezo completo (vía pública, número e piso)

Código Postal Localidade Provincia

EXPOÑO:

- 1 Que cumpro os requisitos da convocatoria deste concello para cubrir a/s praza/s de
 funcionario persoal laboral temporal persoal laboral fixo
- 2 Que a dita convocatoria foi publicada o día / / e que coñezo e acato as súas bases.

SOLICITO:

- 1 Que se tramite esta solicitude para participar no devandito proceso de selección.
- 2 Que se teña en conta a documentación presentada como anexo.

ANEXOS:

- Fotocopia do DNI (obrigatoria).
- Fotocopia da tarxeta sanitaria ou da tarxeta de afiliación do SERGAS.
- Currículo.
- Outros documentos:
 - 1
 - 2
 - 3

Betanzos, de de 200

(sinatura do/da solicitante)

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE BETANZOS